

1

...PENSO NUN TIGRE...

Avanzo, descalzo e en pixama, polos corredores silenciosos e vacíos do hospital, desexando que ninguén me vexa, camiño do xardín. Atrás quedan as follas escritas durante tanto tempo. Sinto como o vento invernal sacode as xanelas, e como as árbores recuperan a súa vida nun contínuo estertor baixo o vendaval.

É este o día definitivo e todo está preparado para reunir-me con ela, coa amiga, no encontro supremo que agardamos os dous desde hai semanas. A imaxe do tigre dentro da miña mente dá-me ánimo e forzas de titán, e a sensación de estar a facer a miña vontade, que é a súa, por primeira vez en todos estes meses, anos talvez, de cativoiro, produce en min unha sorte de embriaguez moi pracenteira.

A tempestade parece aumentar cando abro a porta do xardín, e por vez primeira os meus pés descalzos toman contacto coa neve. A lua, oculta entre nuvarróns negros, axexa desde o seu misterio espectral un maior misterio de dor, de gozo e de gloria, e eu sigo adiante dentro daquilo que parece un soño. Da lua, como da imaxe da fera que levo dentro de min, vou obtendo as forzas que preciso para desexar novamente facer miña a Pandora e para amá-la, arrebatando-a da súa lonxanía de quimera, para non temer nada da noite en que avanzo sen sosego.

Procuro un lugar tranquilo en que esperar no medio da tormenta, pero non é fácil orientar-se, porque a nevada varreu calquer referéncia; o vento bate-me en todo o corpo, violentamente, como se quixese

1 | *disuadir-me do meu propósito, pero a miña decisión é firme e nutre-se da imaxe do grande tigre que me recorre, impaciente, corpo arriba e corpo abaixo, por dentro. Deixo cair ao chao a roupa mollada, e noto o cabelo coberto de neve cando dou cun dos bancos de madeira, en que me sento, libre e nu, agardando por Pandora.*

Non vexo nada, non sinto nada, e nada escuito, como non sexa a violencia da ventisca...

O meu corpo, absolutamente inmóvel, espera, sen repousar, a chegada dos médicos que corten a súa leña e socaven obstinados os seus solos indagando a causa da miña morte, pero, entretanto, a miña alma acordada bole, náufraga, agardando o encontro supremo, o encontro tan ansiado. Ela tomará formas e contrastes de tigre.

Froto no meio da escuridade e do silencio, dun silencio estraño que curiosamente nasce do brado da tormenta. Estraña sensación de medo porque xa non sinto o meu propio corpo, que se enfria rapidamente agora, desgastado e roto, sen forza. Pero nengunha dor.

Abatida, a vontade aínda busca axir, vaga entre as ruínas de min mesmo apesar de extenuada, procurando unha paz que sabe próxima, e a memoria, autónoma, evoca as imaxes doutro tempo como un cinematógrafo mudo.

Se non tivese os ollos pechados, supoño que podería ver desde o banco en que adormezo, por última vez, os contornos deste xardín fantasmal que parece vestir o xelo, as árbores estremecidas que, de teren vida humana, tratarían talvez de salvar-me. Inutilmente, porque non o desexo. Aquí todo está preparado; incluso eu. Principalmente eu. Pronto, Pandora ha de vir, para guiar-me por esta noite sen sosego en que avanzo ás tentas.

Irei-me daqui tan lentamente que nen o sentirei, de costas ao mar que o temporal rompe mil veces contra o acantilado, alén da verxa de ferro que cinxe este xardín soterrado pola mesma neve que agora vai vestindo o meu corpo inerte.

Partirei lentamente e en silencio... Xa todos os relóxios están detidos na hora final, e mentres agardo, o frío avanza, lenta pero imparavelmente, de fora adentro, adormecendo-me e convertendo en erma e dura rocha este meu pobre corpo namorado.

Abro os ollos cando sinto na frente, no rosto, a carficia leve dunha mao fria que me acorda suavemente. Pandora, inclinada sobre min, ten a frente coroada de flores murchas e o ollar ausente de cinza, sen esmeraldas, resaltado pola palidez absoluta do rosto; entre os brazos irtos, dorme entre farrapos o novelo do meu neno, e aos seus pés, o tigre temível rosma con impaciencia. Pandora, digo, e aquel nome cai sobre a neve, rompe-se en pedazos como un cristal, mentres ela, tendendo-me a mao, fai-me acenos de que a siga.

Tomo aquela mao que semella ser de xelo, e boto a andar pola neve á par de Pandora, sentindo o quente alento do tigre nos nocelos. Camiñamos lentamente en dirección ao mar, mentres a tempestade diminui e as brancas árbores recuperan a súa inmovilidade de espectros.

Nun instante, collido pola mao de Pandora, volvo a vista, e apenas consigo distinguir o meu corpo, que fica atrás, inmóbil, sepultado pola neve.

Teño medo...

2

PANDORA E EU víamos os dinosáurios aparecer asomados á xanela, co acompañamento enxordecedor de badaladas chegando desde a igrexa. Un serao incluso fixemos o amor pegados aos vidros no apartamento de Pandora mentres aquelas sombras pasavan. A choiva, manseliña pero insistente, como unha lembranza obstinada, difuminava o desastre. Amávamo-nos con fúria nesas noites, e logo escuitávamos a auga cair durante horas, até que finalmente o mencer arrivava en nós, ardendo-nos, chantando-se-nos nos ollos como vidros de botella. Así cada vez desde a primeira nevada xuntos (as árbores fora tremian baixo algodóns ante o paso dos animais temíveis, e as acuarelas de Pandora comoveron-se daquela facendo-se transparentes, enxeis e puras como se de principios se tratase).

Todos na cidade nos tiñan envexa porque polo noso bairro pasavan dinosáurios, enormes, animais grandísimos eran, con corpos de escamas e xelados ollos de reptil, que camiñaban como con canseira, batendo torpemente con todo o que atopavan; as súas patas avanzaban por riba de todas as cousas, deixaban unha pegada de ferros en desorde, e de ruas destrozadas, e de tixelos en montaña nos que a luz de moitos días acabava por sementar flores azuis e amarelas entre cada visita dos dinosáurios.

E era por iso que nos tiñan envexa todos, os nenos sobretudo, os cativos africanos de ollos topácios e tristes nas súas xanelas como nichos, porque o paso dos dinosáurios cada interlúnio inzava en nós dalgun xeito ronseis daquel final que nos fora principio e do que sempre faloron os vellos, e que seguía presente en nós como un estigma, como unha voz ínfima, como un órgano definitivo. Por iso era vital naquel

tempo o paso dos dinosáurios de enormes pescozos, de potentes caudas a estragar a cidade, o noso lindo bairro de casas baixas e azuis de pescadores, camiño dun lugar misterioso cerca do mar onde poren ovos brancos tamén enormes que despois abandonavan.

A sensación prévia á entrada dos dinosáurios bairro adiante probablemente sexa unha das máis nítidas imaxes da felicidade desde os días da infancia. A felicidade ao lado de Pandora era para min unha cousa doce e mol como froita madurecida, que che nascía da garganta e apenas che deixava falar. Pasavan lentos os días polo enorme corpo avultado da casa se Pandora non estaba comigo, e a sensación agobiante de absoluta modorra que tan ben eu coñecía desde os negros días da infancia facía-se dona de min, e era un pouco como estar morto pero sen está-lo. Agora, cando xa decorreu tanto tempo, esa mesma dolorosa consciencia da saudade torna de novo a min, perdida para sempre Pandora, a morder-me continuamente, como un can terrível que debecese de fame, inutilizando-me e condenando-me a reproducir na memoria, incansavelmente, dentro deste branco labirinto sen voces nen amigos, os días pasados na compañía de Pandora.

Porque, ao lado de Pandora, a desidia producía en min unha felicidade tépida e empalagosa que tiña realmente un saibo embriagador a froita madurecida, e que enchía os cuartos do pequeno apartamento nascendo dos alicerces, do propio baseamento do prédio. Era a felicidade naqueles días tórridos doce froita mollada, era a chegada dos dinosáurios cada interlúnio, eran as historias de tesouros nos lábios de Batalha, era o sorriso de Pandora acordando-me polas mañás, as suas maos movendo-se rápidas sobre o papel de arroz cando pintava, a loita dos corpos na procura da cópula perfeita.

As aparicións dos dinosáurios, que terminaron por non imutar as autoridades, tal a regularidade, acordavan en cambio niños de cobras en cada casa, que era o tempo do escandalosamente unánime ménstruo das mulleres e o mal-humor dos homes todos. Lembro que miña mai, mesmo sendo eu mui neno, cando meu pai ainda vivía connosco, tomava consciencia da sua triste condición de escrava, vítima irredenta dunha sociedade cómplice e dun varón tiránico, meu pobre pai, quen, amparado por leis humanas e divinas, profanara aquel vaso purísimo, nel enxendrando a sua prole, miñas irmás e eu, así como quen coller o froito saboroso dunha árbore ao pasar. As piores escenas domésticas, as máis lamentáveis, producían-se precisamente neses días de interlúnio,

mentres dobravan os sinos das igrexas e os dinosáurios nen pedra deixavan, o piso da rua, as montañas de tixelos en que medravan, persistentes, lindas margaridas de pétalos azuis ou amarelos. Batallas campais eran as ceas e desatadas guerras frias todo o día, que desde pequenos aprendemos a aceptar como se acepta a escola, os días de choiva ou o baño sabatino. Rosalia, miña mai, pechava-se no dormitorio gorecendo-nos baixo as suas azas protectoras, meus fillos, meus anxos, e meu pai terminava dormindo no sofá da sala, nós espectantes no noso xordo terror de nenos, agarrado a unha botella de anis del mono, de bourbon ou do que cadrar.

Tamén el acabou por aceptá-lo. E é que en todas as casas acontecia o mesmo, entre o berrar áspero das sereas e o son metálico dos sinos que entrava de fora: na de Lautaro, na de Esperanza, na de Zásper, na da propia Pandora, en todas. As paces asinavan-se tres ou catro días despois. Os maridos revivían de sorriso en lábios e a roupa da casa, imaculada, volvía-se aos armários; a histérica ánsia de limpeza findava, e mesmo a delicada pel dos cativos, africanos, ollos topácios, achava a paz ao cesaren os baños repetidos.

Co armistício, pois, tornava a calma. Retiravan-se os escombros de ruas e prazas, o mundo recuperava o pulso habitual, e a pequena cidade bíblica respirava no precáριο sosego do costume. É precisamente aí cando deveu comezar a miña historia, mentres todos se afanaban en reconstruír o barrio asolado despois dun interlúnio, co toque de queda sobre todos nós, as ruas tomadas polos milicianos de uniformes káki, os voluntários, a policía municipal por todas partes.

A neve retrasada daquel Marzo cegava aos que andávamos por ela, perseguindo-nos á procura do que houber de maravilloso entre as montañas de xelo apilladas nas aceras e as falsas montañas de cascotes: entre o lixo estrado polas caudas xigantescas podían-se atopar as cousas máis estrañas e maravillosas (sonoras culleres de prata, libros, mazos de cartas atados con fitas, roupas, discos rotos, vellas fotografías), e por iso, en canto mencía e as sereas empezaban a dormir, saíamos de katiuskas á rua impracticábel. Durante moitos interlúneos procuramos cousas que merecesen o indulto, condenadas como estaban a perder-se cos restos da batalla, no naufráxio das ruas destrozadas. Lautaro, Zásper, outros rapaces da facultade e eu, envoltos nas bufandas apesar do Marzo luminoso, rodeamos o parque por acaso incólume, baixamos as costas brancas, sempre remexendo entre as pillas de lixo, anque aquela vez sen darmos con nada comparábel ao achado nas outras

incursións, talvez debido á neve que o cobrira todo. Havia algúns cans rotos e sangrantes tirados nas cunetas, agoniando sobre o xelo tinxido do seu propio vermello, as bocas abertas que soltaván vafo, alasando na procura desesperada dun ar que non acharían. Tamén había coches, igualmente despanzados sobre o xelo, igualmente abandonados á espera da grúa que xa demorava. Xacia o noso barrio envolto en neve e no silencio, nun fondo silencio de moitas capas superpostas, silencio de sons sumados e amortecidos polas folerpas que acudían a morrer aló abaixo, no mar terrível, bretemoso e gris, espello de ceos que eran de chumbo. Havia pegadas enormes como enormes lagoas por todas partes, enchidas de lama e de auga suxa, en que sobrenadaban mestos e irisados círculos de aceite, que o paso dos automóveis axitava como un mar en pasadas repetidas.

Cando, cansos de camiñar sen acharmos nada, pensávamos xa en regresar, mollados e atrecidos, descubrin entre as ruínas vellas do que fora un garaxe -grandes manchas de aceite negro estampaban o chao como raros furados ilusórios que conducisen ao interior da terra-, unha rapaza vestida con gabardina que tamén buscava, e eu separei-me dos outros para segui-la entre os pilares abatidos e os teitos de uralita da vella nave abandonada. Escondia-me detrás dos muros de tixolos escurecidos pola idade e polo pó, detrás das portas estragadas, das trabes mortas, sen vigor, por espí-la, por ve-la deter-se a cada pouco e inclinar-se sobre o chao a recoller algunha cousa. Sentía-me intrigado perante aquela solidade física, reflexo talvez daqueloutra solidade interior que a min me queimava desde neno, desde que son capaz de lembrar.

Inesperadamente, a rapaza da gabardina desapareceu e eu saín a procurá-la, co corazón saltando-me nas tempas, cos ollos seguramente moi abertos, acaso guiado por un soño longamente acariciado. En cantas ocasións eu non seguira até perdé-la despois de moitas ruas, unha persoa descoñecida, fose esta home ou muller, a primeira que atopara ao saír, aquela a quen pedira lume, a quen preguntara a hora, sentada diante de min no autobús, e tras da cal saíra nunha parada que ao mellor non me correspondía... Así dito parecerá acaso loucura, a pobre obsesión dun demente, pero a solidade é tamén deméncia, diso estou ben certo, ten que ser así, nunca doutro xeito, porque non se entendería. Por iso a necesidade, era unha necesidade realmente, de encher aquel pozo interior dalgunha forma que as leituras, as películas, a admiración polas gravuras dos meus libros de arte, as conversacións intranscendentes cos meus escasos amigos, dificilmente podían encher como enchería a auga

estancada no pozo interior doutro solitario. Sospeitei sempre que só así desaparecería en min a insoportábel sensación de morte interior e inercia que apenas me ten abandonado en mui poucos e breves períodos da vida, como se irá vendo ao longo desta historia.

Despois de ler as liñas que acabo de escribir, duvido que alguén poida comprendé-las, que alguén as poida facer suas, no suposto de que estes papeis me sobrevivan e cheguen a ser lidos despois da miña desaparición, que sei que está xa mui próxima. Creo que o máis provábel será que vaian parar, xunto coas miñas demais cousas, talvez mesmo xunto co meu propio corpo, esta pobre sentina enferma e acabada, esta ruína, ao incinerador cuxa existencia sempre se nos nega. Pero a necesidade de encher o paso lento das horas, a necesidade de arrancar da névoa a triste historia destes meses e fixé-la nos pobres papeis que aqui podo conseguir, dando talvez con iso acougo á miña alma, e seguindo o consello dos médicos que me atenden, esa necesidade é tan forte que apenas me deixa erguer desta cadeira cando a dor se fai máis forte e a memoria se me queda incrivelmente vacía, como se nunca antes houvese nada escrito nela e fose só como a branca folla que agora início, esa necesidade é tan tremenda que me tira do leito en pleno sono e, no meu desvario, teño que tornar ao papel. E é así como eu, impotente a esa forza, sigo adiante enchendo este caderno.

Aquela rapaza do garaxe era Pandora. Estava-me agardando, sentada no capó dun coche descarnado á porta mesma da nave, cun cigarro entre os dedos e a vista perdida mui lonxe, detrás de min. Poderá parecer mentira, pero non lembro de que cousa falamos, que nos dixemos, quen falou primeiro. Na memoria quedan hoxe tan só daquel encontro primeiro a alvura cegadora da neve e o luminoso verde dos ollos de Pandora, que xa daquela, señor, me fixo sentir medo. Estivemos falando ali mesmo algun tempo, non sei, até que Pandora dixo que devia ir-se, e botou a andar, e eu seguín-a de mui perto, suavemente, por entre os coches esmagados, os cans sen casa e as demais ruínas do interlúnio. Fomos até a súa casa, os dous en silencio como nos soños, anque -iso lembro-o ben- sen eu ser en absoluto consciente do que facía, sen asombrar-me da miña ousadía, da aceptación calada dela, sen atender as voces dos meus amigos que me chamaban.

En perfecto silencio, bordeamos o acantilado co farol ao fondo, o porto co seu cheiro intensísimo, o boulevard abarrotado, algunhas ruas de comerciantes polas que avanzava preguizosamente o tranvia, e por fin Pandora detivo-se fronte a un prédio que tiña un almacén de xogue-

tes no baixo e entrou no portal. Eu fiquei fora, sen saber que facer nen que dicer. Vendo que non entrava, Pandora invitou-me a subir; haveria suficiente comida para os dous, dicia.

Falamos mentres facíamos de comer, durante o xantar, falamos no café e falamos toda a tarde, e eu pensava con angústia que en calquer momento Deus me acordaría para arrancar-me daquel soño e volver-me á realidade opaca e suxa da que viña. Pero non foi así. Polo menos, naquel momento, non foi así. Pandora ensinou-me as acuarelas que pintava; en todas elas, a amargura da solidade guiara a sua mao, en cada unha subxacia o dobre mundo de beleza e de horror, de euforía e melancolia que tan ben eu coñecía, naquelas cores luminosas e concisas, ou ocres e esvaídas, nunhas gamas amplísimas que nunca até entón contemplara nunha acuarela. Havia por igual, contrastados en cada folla de papel de arroz, o rosto contraído por unha dor tal que non fose deste mundo e a paisaxe amável dunha praia de mar cristalino con suaves dunas areosas; a habitación acolledora e harmoniosa, e o berro acuciante e mudo dun ser que desgarrava as propias vísceras con maos nunca humanas. Pandora, decididamente, era o soño que eu de sempre perseguira, no sono ou na vixília, na penumbrosa melancolia do meu cuarto, ou polas avenidas abarrotadas e os parques solitários: aquelas figuras atormentadas, de xestos violentos e músculos crispados, desamparadas en fondos hostis apesar do sosego aparente, pertencian a pesadelos meus dos dias piores. Dalgun modo eu estaba naquelas pinturas, camiñando sobre as lousas de xadrez do templo gótico de paredes transparentes e en alzado, como nos planos, dalgun modo eu frotava tamén nas toldas augas estancadas, entre faunos coroados de guirlandas de flores, ou axoellado en pleno campo baixo unha choiva de pétalos. Eu era todos aqueles homes e todas aquelas mulleres a un tempo, todos aqueles seres desgraciados e orfos, fenecidos por dentro, afogados para sempre en meio da paz inestável dos seus entornos.

Aquel serao, mentres a neve seguía a cair fora, na rua, e as árbores aínda nuas tremian de Inverno ao paso dos temíveis dinosáurios de ollos reptis, Pandora e eu fixemos o amor, e no tempo que durou a nosa cópula, as acuarelas comoveron-se, brusca e repetidamente, e a miña solidade diminuíu rapidamente até facer-se unha boliña mínima que logo desapareceu, e aquela unión breve prolongou-se, faria-se pacto eterno; corolas vermellas de mapoula o selaron, e houvo tarde e mañá, día primeiro...